



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Acta da sesión EXTRAORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 17 de xaneiro de 2020

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria extraordinaria que terá lugar o 17 de xaneiro de 2020.

ASUNTOS

Información e actas

1.- Instar ao Goberno central a revisar o RD 1722/2011 e proceder á amortización pola vía orzamentaria das obras executadas de ampliación da AP-9, de xeito que se eviten os incrementos de tarifa extraordinarios previstos para os próximos anos. Bonificación do 25% no custo da peaxe para aqueles usuarios que realizan un mesmo traxecto de ida e volta no mesmo día, a aplicarse tanto á viaxe de ida como a de volta e de aplicación tamén a vehículos pesados e os fins de semana. Instar ao Goberno do Estado a execución do enlace orbital. Instar ao Goberno do Estado a incluír nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2020, o importe económico suficiente e necesario para licitar as obras de remodelación durante o primeiro semestre do próximo ano como obxectivo básico irrenunciabile.

Acta da sesión extraordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 17 de xaneiro de 2020.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 17 de xaneiro de 2020, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión extraordinaria.

Preside: Don Valentín González Formoso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

Deputados/as

Asistentes:

Dona Martina Aneiros Barros	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Manuel María Durán Guillán	PP
Dn Antonio Fernández Angueira	PP
Don José Luis Fernández Mouriño	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Dona Dalia García Couso	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Don José Pablo González Cacheiro	PP
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María Beatriz Molinos Vidal	PP
Don José Muiño Domínguez	PP
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP

Non asiste a Sra. Capelán Cancelo.

Actúa como secretario: don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:07 horas, o Sr. Secretario le o asunto único incluído na orde do día, proposto polos solicitantes da convocatoria do Pleno extraordinario.

1.- Instar ao Goberno central a revisar o RD 1722/2011 e proceder á amortización pola vía orzamentaria das obras executadas de ampliación da AP-9, de xeito que se eviten os incrementos de tarifa extraordinarios previstos para os próximos anos. Bonificación do 25% no custo da peaxe para aqueles usuarios que realizan un mesmo traxecto de ida e volta no mesmo día, a aplicarse tanto á viaxe de ida como a de volta e de aplicación

tamén a vehículos pesados e os fins de semana. Instar ao Goberno do Estado a execución do enlace orbital. Instar ao Goberno do Estado a incluír nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2020, o importe económico suficiente e necesario para licitar as obras de remodelación durante o primeiro semestre do próximo ano como obxectivo básico irrenunciable.

Intervencións

Sra. Gallego Neira

Moi bos días a todos. A autoestrada de titularidade estatal AP-9, constitúe a principal vía de comunicación viaria de Galicia, conectando a 5 das cidades de Galicia (Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo) e, en consecuencia, vertebra o 60% da poboación galega. A intensidade media ponderando o seu percorrido supera os 22.000 mil vehículos ao día, se ben en certos tramos é sensiblemente superior, e alcanza os 60.000 vehículos ao día.

A día de hoxe, son varias as Comunidades Autónomas nas que a mobilidade se ve condicionada pola cobranza de peaxes en autoestradas de titularidade estatal sen alternativa viable para desprazarse por estrada, como sucede en Galicia. E en relación coas peaxes, hai que poñer de manifesto a desigual evolución destes para todas as Comunidades Autónomas. É rechamante, o contraste entre a situación da principal autoestrada do Estado en Galicia, a AP-9, que afronta este ano unha importante subida das súas tarifas, coa doutras vías similares, como as de Tarragona-Alacante ou Sevilla-Cádiz, que deixarán de ser de pago para o usuario.

Hai que poñer de manifesto, o importante esforzo que a Xunta de Galicia, está a realizar para minimizar o impacto nas familias e na economía dos galegos e galegas en relación coas peaxes das autoestradas de titularidade autonómica, xa que non só este ano as súas tarifas non se verán aumentadas e sobre elas seguiranse aplicando bonificacións implantadas nas viaxes de ida e volta, como as realizadas en horario nocturno, senón que ademais aplicaranse novos descontos para familias numerosas. Ademais, hai que sinalar, que estas autoestradas de titularidade autonómica, están entre as máis baratas de España e a súa funcionalidade é moi diferente á da AP-9. Como dicíamos, esta é a principal arteria de comunicación de Galicia, vertebra o territorio onde reside o 60% da poboación galega, e en consecuencia, toda variación nas súas tarifas ten unha ampla repercusión social.

Esta realidade incuestionable é máis inxusta cando a xestión deste Goberno do Estado con respecto á AP-9 é oposta ao que leva a cabo no resto de autoestradas da súa titularidade. Por unha banda, ante a fin da vixencia de varias concesións estas reverten ao Estado, que elimina a cobranza de peaxes. Na mesma liña, tras a asunción da xestión das autoestradas liquidadas, apróbase para elas unha forte rebaixa nas súas tarifas e implanta unha bonificación para o seu uso nocturno. Con todo, en sentido contrario, os usuarios da AP-9 sofren dúas subidas de tarifas nun curto espazo de tempo, que se repetirán nos próximos 18 anos, e engádense aos que no seu caso propicie o IPC.

E o impacto desas peaxes está a se multiplicar de maneira inasumible, fundamentalmente, como consecuencia dun feito que ten a súa orixe no ano 2011. O entón Goberno socialista, en vésperas dunhas eleccións xerais, asina un acordo con Audasa para que a concesionaria execute e adiante o diñeiro dunhas obras de ampliación e que posteriormente recupere ese diñeiro - non a través dos Orzamentos Xerais do Estado, como sería esperable - senón a través de subidas acumuladas de peaxe do 1% durante 20 anos. Ademais do IPC. Todo iso está recollido nun acordo cuxos termos supoñen que paguemos en peaxes 1.400 millón de euros por unhas obras que custaron 230 millóns. Un acordo que, como sinalou recentemente, a Conselleira de Infraestruturas, Transporte e Vivenda da Xunta, ten aspectos desconcertantes como bonificar o imposto de sociedades porque se incrementaría a súa contía ao aumentar o beneficio de Audasa con esta operación.

Sufrimos xa 2 desas subidas extraordinarias que supuxeron, xunto ao IPC, unha subida de

practicamente, un 6% en 2 meses. Cinco veces máis que o IPC. Pero o peor é que se vai seguir subindo, máis ou menos, a este ritmo de forma sostida durante 18 anos máis. Por iso é necesario adoptar medidas na AP-9 que mitiguen ese agravio co resto de España, e que se vai agrandando cada vez máis.

(Abandona o salón o Sr. Calvelo Martínez)

A preocupación do Goberno da Xunta de Galicia e deste grupo provincial, polo impacto económico da AP-9 é coñecida polo Goberno de España, no sentido de estudar iniciativas destinadas a suavizar as subidas extraordinarias das peaxes, medidas de flexibilización de tarifas, etc. O problema é que en Galicia se agudiza con cada subida de peaxes, sen que se materialice ningunha das demandas trasladadas.

Por outra banda, a desigual evolución das peaxes está a xerar unha situación global de desequilibrio na que Galicia resulta, como xa dixemos, claramente prexudicada, acentuándose as desvantaxes da súa situación xeográfica periférica e reforzándose a asimetría territorial en termos de mobilidade e competitividade.

Ademais a situación da provincia da Coruña, vese agravada pola falta da ligazón orbital, que é unha infraestrutura imprescindible para a mellora da mobilidade e competitividade en Santiago, unha ligazón que permite todos os movementos desde A Coruña para conectar co polígono do Tambre, co da Sionlla, coa A-54 (autovía Santiago-Lugo) e co aeroporto. A actuación cuxa licitación anunciou o Ministerio en campaña electoral que estaba presupostada polo Goberno de Mariano Rajoy, e que se retrasou sen xustificación, de feito licitouse o 3 de xaneiro, co Goberno en funcións, e co presuposto de Mariano Rajoy prorrogado. Agora que non deixen a obra no esquecemento, como a glorieta que xa reclamou tantas veces o Sr. García Seoane de Sol y Mar.

E tamén agravada polo retraso evidente e inxustificado na remodelación da Avenida de Alfonso Molina que constitúe a vía de entrada e saída do tráfico rodado na cidade da Coruña, non só para os que vivimos na Coruña, senón tamén para os residentes na área Metropolitana. Os Orzamentos do Estado do Goberno do Partido Popular de 2017 e 2018, recollían un investimento plurianual de 12,5 millóns de euros para esta actuación. Os rexeitados orzamentos do Estado para 2019 presentados polo Goberno socialista só incluían 100.000€ sen ningunha previsión plurianual máis aló dese ano. A súa remodelación ten un claro interese xeral.

Por todo iso, as deputadas e deputados do grupo Provincial Popular, solicitamos este Pleno extraordinario para instar o Goberno central a revisar o RD 1733/2011 e proceder á amortización pola vía orzamentaria das obras executadas de ampliación da AP-9, de modo que se eviten os incrementos de tarifa extraordinarios previstos para os próximos anos para evitar agravios comparativos co resto de España. E a bonificación do 25% no custo da peaxe para aqueles usuarios que realizan un mesmo traxecto de ida e volta no mesmo día, a aplicarse tanto á viaxe de ida como á de volta e de aplicación tamén a vehículos pesados e as fins de semana. Unha proposta estudada e presentada ao Goberno do Estado pola Xunta de Galicia e que é totalmente viable.

Ademais instamos o Goberno do Estado á execución da ligazón orbital e a incluír nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2020, o importe económico suficiente e necesario para licitar as obras de remodelación de Alfonso Molina durante o primeiro semestre do próximo ano como obxectivo básico irrenunciable.

O BNG e o PSOE dirán que o seu acordo para a investidura vai máis alá, que piden o cen por cento, parece que o Partido Socialista agora xa non está de acordo, que agora di que é o 50, non sei se van romper por este motivo o pacto, de momento o que temos claro é que non hai un só euro, que a peaxe sube, esperaremos a ver os orzamentos do Estado, no que pretendía aprobar Sánchez, Galicia desde logo saía moi prexudicada con respecto a outras comunidades autónomas, especialmente con respecto a Cataluña, e agora como teña que

cumprir todas as cesións que fixo, veremos a ver.

Desde logo, nós fiámonos do estudo realizado pola Xunta de Galicia, e todo o que veña a maiores, benvido sexa, igual que a transferencia á Comunidade Autónoma reclamada polo Parlamento autonómico. Moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Sabendo que non forma parte dos usos e tradicións políticos, nós entendemos que o que procede é darlle os parabéns ao BNG polo que entendemos que foi un moi bo acordo para Galicia. Desde logo estes parabéns que lle transmitimos a un rival político non é exactamente a actitude recíproca que nós recibimos durante catro anos no Concello da Coruña, onde unha morea de veces o BNG aliñouse con campañas de acoso ao Goberno local, que o tempo demostrou que carecían de base, pero en todo caso nós pensamos que o lóxico é que recoñezamos aquí o que entendemos que é un logro que vai redundar en beneficio da maioría dos galegos e das galegas, como sen dúbida é este que atinxe á transferencia da AP-9 a Galicia e outras cuestións para a compensación das peaxes. Isto foi o que motivou que nós retirásemos unha moción no mesmo sentido que tiñamos incluída para o Pleno de xaneiro, unha moción que ía nun sentido semellante a este, o de denunciar a suba das peaxes, denunciar o agravio comparativo, por suposto, con outras autoestradas do Estado que si foron recentemente, xa non rescatadas, senón liberadas de peaxe, e tamén solicitar esa transferencia. Eu creo que os feitos do acordo do BNG co PSOE a nivel do Estado deixaron esa moción nosa desfasada e iso motiva que decidísemos retirala.

Por iso non entendemos moi ben a teimosía do Partido Popular mantendo a convocatoria, ten por suposto a facultade, e a forza aritmética para facelo, convocando este Pleno extraordinario por este motivo que entendemos que, en parte, os pon a si mesmos en evidencia. Ponnos en evidencia, unha porque entre outras cuestións é a privatización por parte do Partido Popular da empresa pública de autovías do Estado a que fai que padezamos esta situación de prórroga indefinida con sucesivas motivadas pois estamos pensando que son douscentos millóns de investimentos que se calcula que se fixeron na ampliación, tanto de Rande como na contorna de Redondela e de Santiago de Compostela, os que motivan uns beneficios que se calculan que son de 1.400 millóns.

Entendemos que o Partido Popular unha vez máis, como noutras ocasións, como na cuestión das electrointensivas, na cuestión do peche de Endesa-As Pontes, agora trata de emendar a posteriori as consecuencias de políticas que eles mesmos no seu día iniciaron. Por iso, non é que me sorprenda, porque eu creo que a estas operacións de cinismo estas afeitos todos os días, pero desde logo a lamentamos, lamentamos que unha vez máis o Partido Popular agora mesmo faga oposición de si mesma, faga oposición dos actos que no seu día acometeron, das políticas que no seu día eles protagonizaron e que agora tratan de poñerse en contra dos seus efectos pasados escasos anos.

E en segundo lugar un "tarde piaches", ou sexa, o Partido Popular tivo maioría na Xunta de Galicia, maioría no Goberno do Estado con Rajoy recentemente, esta situación dábase en termos idénticos aos que agora se denuncia con tanto ardor, e daquela o Partido Popular fixo gala do sucursalismo e da mansedume que os caracteriza, todo este discurso tan vindicativo agora mesmo, case por poñelo, por cualificalo ideoloxicamente, dun rexionalismo galeguista ou algo así, desaparece cando teñen a maioría en Madrid, a maioría en Galicia adoitan tela case sempre, e aí pasan vostedes a unha mansedume, a un silencio, e a un esquecemento indefinido daquelas demandas que agora con tanto ímpeto e tanto ardor reclaman. Entón, eu entendo que o Partido Popular cando está na oposición en Madrid convértese case, case en nacionalista, pero cando está no Goberno en Madrid pasa a ser plenamente centralista. Entón, a verdade, señores do Partido Popular, certa coherencia nas posicións que se manteñen cando un está gobernando e na oposición, non estaría de máis. Entendo que a verdade o termo coherencia non forma parte tampouco da súa linguaxe e dos seus códigos, pero a verdade é que teño que dicirle que desde o lugar que ocupamos agora mesmo, como meros espectadores, a min asómbreme un pouquiño que vostedes non retiren esta proposta, teñen a

forza e a lexitimidade para facelo, pero insisto que non deixa de ser unha posta en evidencia das súas políticas e das súas actitudes nos últimos anos, porque cando puideron facelo e tiñan a capacidade e a competencia para facelo non o fixeron, e agora ademais están vostedes tratando de emendar as consecuencias das súas propias políticas.

Pola nosa parte, dicir que imos votar en contra do contido desta proposta, basicamente polas razóns expostas, porque é unha mostra de certo cinismo que nos parece completamente improcedente, e finalmente, como empezamos dicindo, darlle os parabéns tamén ao BNG por este acordo que entendemos que é beneficioso para o conxunto de Galicia, e iso si, sumarme ás peticións de que se consoliden ou que se substancien o máis rapidamente posible nos orzamentos xerais do Estado. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Bo día a todos e a todas. A verdade é que a nós tamén nos parece un Pleno inaudito, e parécenos un Pleno inaudito porque, evidentemente, xa o dicía a voceira do Partido Popular, hai un acordo de investidura, do que non podemos desconfiar, que temos que vixiar que se verifique no tempo, pero que vai moitísimo máis alá do que propón o Partido Popular neste Pleno extraordinario. É máis, ínstase a ter en conta a orbital, a orbital está en licitación pública, aprobouse en Consello de Ministros, se non recordo mal, en abril do ano pasado, é dicir, aquí estanse pedindo cousas que están amplamente superadas. Resulta inaudito todo o debate que xurdiu a raíz do punto concreto da AP-9, que o documento de acordo de investidura ten moitísimos máis puntos afortunadamente para Galicia, a postura do Partido Popular respecto de todo isto a verdade é que é asombrosa, chocante, a veces dá a sensación de que queren burlar á opinión pública cunha serie de cuestións que a verdade que son difíciles de explicar, como é difícil de explicar que un Grupo que ten dez deputados e deputadas en Madrid lle pida a un deputado do BNG acordos sobre a AP-9, como fixo o Partido Popular de Pontevedra, pero fíxese vostede, e recordábao a propia voceira do Partido Popular, durante o Goberno de Mariano Rajoy houbo un acordo do Parlamento de Galicia sobre esa transferencia desta vía, que os dez deputados, ou máis, naquel momento, xa non recordo cantos eran, do Partido Popular en Madrid votaron en contra, desoíndo un mandato parlamentario incluso do seu propio Grupo, pero do conxunto do Parlamento de Galicia.

A min paréceme, cando menos, pouco rigoroso e pouco serio que agora se fagan certas afirmacións. Temos un acordo de investidura que non temos por que dubidar do seu cumprimento, e que vixiaremos no seu cumprimento, de todo o que pide o Partido Popular neste Pleno extraordinario, home, déanlle vostedes algún valor aos acordos políticos, cando os firman vostedes témolos que vixiar e cando os firman outras forzas políticas tamén os haberá que vixiar, pero é inaudito que se pida unha rebaixa dun 25% cando hai un acordo entre o Goberno e outra forza política onde a rebaixa vai ser do cen por cento, é unha cousa moi curiosa, non sei se vostedes pretenden que as persoas do Partido Popular se lles bonifique o 25% e ao resto da sociedade de Galicia se bonifique ao cen por cento, que tamén pode ser iso o que se pida, pero é que está amplamente superado.

Eu neste tipo de debates a verdade é que non teño moitos argumentos, aquí podería facer un repaso histórico do que significou politicamente as decisións do Partido Popular respecto dunha infraestrutura que vostedes consideran un agravio para a sociedade galega.

Mire, esa concesión administrativa inicialmente vén do 73, pero é que no ano 2000 ampliase a concesión ao máximo legal de 75 anos, e ampliara un presidente do Partido Popular, que foi José María Aznar. Pero non contentos con iso, en 2003 privatízase a prezo de saldo, e privatízao o mesmo presidente do Partido Popular, José María Aznar. E despois volvo recordar os acordos do Parlamento de Galicia incumplidos, etc., etc. pero se despois imos á propia moción, á parte da redución do 25% e da orbital, pide vostede "Instar ao Goberno do Estado a incluír nos presupostos xerais do Estado para o ano 2020 o importe económico suficiente e necesario para licitar as obras de remodelación durante o primeiro semestre do próximo ano, básico e irrenunciable". Tamén está no acordo entre o Grupo do BNG e o PSOE, eu teño aquí unha copia, pero está na rede, pódese consultar o acordo. Este Pleno poderíase evitar, eu

creo que hai cuestións, no seu momento, cando se pediu, isto non existía, este acordo non existía, pero no momento en que este acordo se fai público eu creo que a posición do Partido Popular, sinceramente, e tampouco vou insistir máis en máis temas, é difícil explicar, é difícil de explicar.

Polo tanto, eu non vou dicir nada máis, nós imos votar en contra porque afortunadamente para a sociedade galega esta parte propositiva do Partido Popular para este Pleno afortunadamente, insisto, está amplamente superada.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas. Hoxe o Partido Popular a través desta convocatoria convidáanos a un banquete cun menú caducado, convidáanos a todos e a todas os que formamos parte desta Corporación a unha serie de propostas que están máis que superadas, algunhas delas polo acordo acadado para a formación do Goberno do Estado entre o Partido Socialista e o BNG, e outras, como por exemplo a da licitación do orbital, aprobadas xa polo Consello de Ministros no mes de abril do ano 2019.

Non sei se vendo todos os traspés desta convocatoria de Pleno, comezando porque lle faltaba unha folia, continuando pola equivocación na numeración dun Real decreto, que ao final o que se propoñía era retirarlle unha medalla a unha pobre muller, ou continuando con outro erro que se sigue mantendo nesta proposta, que é que establece como un punto único o que son como mínimo tres puntos distintos, non imos falar de que esa é unha dinámica que nos últimos tempos nos empeza a preocupar, podemos poñer como exemplo aquelas emendas aos orzamentos cun corta e pega das presentadas en Valladolid. Non sei se tendo en conta os precedentes é que hoxe igual nos equivocamos ou equivocouse quen propón este Pleno, e esta convocatoria era para hai un ano, podería ter certo sentido, a orbital aínda non estaba licitada, aínda non había un acordo para o Goberno entre dúas formacións que establecen puntos que son moito máis ambiciosos que o que hoxe se propón con esta moción, moción ou convocatoria, neste punto único, e polo tanto estamos nunha situación que nos parece que é cando menos un pouco surrealista. Surrealista se o analizamos desde un punto de vista, se o analizamos desde un punto de vista político como mínimo é pouco ambicioso, porque se xa hai un acordo para a conformación do Goberno do Estado que establece propostas que son moito máis amplas e mellores que as que hoxe imos debater, aínda tería menos sentido como vai explicar o Partido Popular que habendo un acordo que establece unha bonificación do 50% eles instan a que sexa do 25%, ten certa complexidade poder explicarlle iso a cidadanía e saír ben parado.

Pero gustaríame facer fincapé tamén en como vai explicar o Partido Popular que solicita unha cousa ao Goberno do Estado que non aplica naquelas autoestradas, ou estradas, ou vías que son da súa titularidade, porque efectivamente comentan vostedes na exposición de motivos desta convocatoria que a día de hoxe son varias as comunidades autónomas en que a mobilidade se ve condicionada polo cobro de peaxes en autoestradas de titularidade estatal, pero ollo, tamén se ve condicionada polo cobro de peaxes en autoestradas de titularidade autonómica, porque en Galicia a Xunta, a día de hoxe, segue a ter vías con peaxes, nos que non aplica unha bonificación do 25% para as viaxes no mesmo día, só aplica para as viaxes que se fan pola noite.

Polo tanto, ao Goberno do Estado esiximos nivel dez, ao Goberno da Xunta non lle esiximos nada, en tal caso, como moito, nivel cinco. Pero é que ademais xa non só hai autoestradas ou vías autonómicas, e que efectivamente teñen a peaxe conxelada, que é o máximo ao que accedeu á Xunta desde hai algúns anos, porque hai outras coma a de Vigo á Ramallosa, ou Vincios Nigrán, que se incrementa neste ano 2020. Entendemos que no que se formula hoxe, polo tanto, é que hai unha diferenza e veciños ou cidadáns de primeira e de segunda, os que transiten por autoestradas de titularidade estatal serán de primeira, e os que transiten por algunha das autoestradas da Xunta de Galicia, coma estes dous treitos que acabo de subliñar,

serán de segunda. E ademais se incrementa para vehículos pesados, aos que vostede tamén fan referencia na súa exposición de motivos, incrementase para furgonetas e incrementanse para turismos con remolque. Polo tanto, xa non é que eses cidadáns, que eses autónomos, ou persoas que traballan para empresas, ou para industrias, vaian pagar máis polas peaxes, senón que ao final o conxunto da cidadanía vai pagar máis polos produtos, porque todos sabemos e por todos é coñecido que cando se incrementan os gastos do transporte, iso repercute directamente no prezo das mercadorías. Polo tanto, con esa decisión da Xunta de Galicia, o conxunto dos cidadáns de Galicia tamén imos pagar máis por determinadas mercadorías que se transporten ou trasladen a través desas vías. E aí está a falta de rigor do seu Grupo con esta convocatoria, e ata certo punto, non sei como podería definilo, pero si que penso que non están vostedes agora mesmo moi capacitados para facer ese tipo de propostas cando na administración que vostedes gobernan, que tamén ten vías con peaxe, non están a aplicar aquilo mesmo que reclaman aos demais que, por outra banda, e xa o repetimos en moitas ocasións, é algo ao que estamos afeitos nos últimos tempos, é dicir, só reclamamos, como ben dicía o voceiro do Bloque Nacionalista Galego, só reclamamos naquelas administracións nas que nós non gobernamos, e reclamamos aquilo que ademais excede con creces o que estamos a aplicar alí onde gobernamos, polo tanto, ademais dun problema á hora de ter que explicarlle á cidadanía, como dixen antes, o porqué desta convocatoria de Pleno, teñen vostedes un problema de coherencia, e iso, desgrazadamente, o que fai é que lle resta credibilidade fronte a aqueles que nos escoitan e que nos ven.

E efectivamente, "excusatio non petita, accusatio manifesta", dicía a señora voceira do Partido Popular que agora o BNG e o PSOE dirán, efectivamente, que hai un acordo do Estado que é máis ambicioso, pois efectivamente, xa pon vostede o parche antes que a ferida, é que é así. Sabía o que iamos dicir porque calquera persoa sensata sabe que esa é a resposta, a primeira que a calquera se nos ocorrería, porque vostede acaba de interiorizar agora ou hai días, cando preparou este Pleno que, efectivamente, hai unha proposta que é moito máis ambiciosa que a que traen vostedes aquí, polo tanto, eu tamén na liña das intervencións que me precederon, rogaría que retiren vostedes esta proposta, non por unha cuestión electoral, nin por unha cuestión partidista, senón porque para vostedes non é positivo e eu penso que para un partido da súa capacidade e importancia neste país este tipo de propostas, como digo, restan moita credibilidade e seriedade. Así que, polo seu ben, non polo dos demais, que a nós non nos molesta, pedímoslle que retiren esta proposta. Moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Este Pleno, primeiro lugar, presentouse o 27 de decembro, que se celebre hoxe, a data elíxela o presidente, como é lóxico, e como debe ser.

Din que hai un acordo de Goberno, de investidura mellor dito, BNG-PSOE, evidentemente, o PSOE, Sánchez tiña que agarrarse ao que fose, e pedíranlle o que lle pediran, ía dicir que si. Que nós nos fiamos diso?, xa o veremos, oxalá e lles daremos os parabéns, pero dubido bastante que poida cumprir todas as promesas que fixo.

Diario de Pontevedra de onte, "Saltan as primeiras chispas entre PSOE e BNG pola gratuidade da AP-9", así xa para empezar, uns din que... ben, primeiras discrepancias en como se levará a cabo, isto non vai ser gratis, isto non vai ser de súpeto, isto non vai ser barra libre, en fin, isto xa aos dous días de asinar o acordo.

Falan de inaudito, de credibilidade do noso Grupo, pois mire, a orbital de Santiago, din que tiñamos que telo presentado o ano pasado, ou non sei cando, isto é a nota de prensa do Ministerio de Fomento, que está colgada na web, do 3 de xaneiro de 2020, que é cando se licitou a orbital, non se licitou antes, estaba presupostada antes, desde abril ata xaneiro do ano seguinte, a ver que estaban facendo, porque tiñan o presuposto porque senón non a poderían ter licitado, obviamente. Entón, falen con rigor e ata o día 3 non se licitou esa obra, dá igual os Consellos de Ministros que tiveran, non se licitou, licitouse o día 3, falen con rigor, estará

aprobado porque estaba no orzamento, estaba no orzamento de Mariano Rajoy, non no de Pedro Sánchez, que non foi capaz de aprobar ningún presuposto, co cal fíxese se nos fiamos dos seus acordos bilaterais que non son capaces nin de aprobar un orzamento como pasou, é verdade que o BNG non estaba naquel momento.

Nosoutros, efectivamente, temos a forza aritmética, Sr. Lema, esa é a democracia, e isto é así, e é o Regulamento e podemos pedir un Pleno extraordinario. Vostedes cando lles convén teñen os números e son todos moi lexítimos para formar os gobernos con quen queiran, e tal, e iso dino un día e ao día seguinte din que nosoutros o único que temos é forza aritmética, temos forza aritmética e temos o dereito, o dereito democrático, de presentar propostas neste Pleno. Que vostedes queren votar en contra de, agora xa non é licitar, claro, o 27 de decembro si era licitar, pero si impulsar a orbital, que non a deixen durmindo agora aí, porque claro se licita, e se é como no Concello de Coruña que se tarda dezasete meses de media en adxudicar os contratos, pois aquí serán trinta e catro de media, entón que se impulse.

Alfonso Molina, a remodelación, Sr. Lema, vostedes tamén a querían, van votar en contra?, porque di que é que non vai votar polo cinismo do noso Grupo, é que aquí non se vota o cinismo, primeiro xa é unha palabra bastante fóra de lugar, pero ben, aquí vótanse uns acordos. Que queren votar en contra?, pois voten en contra, veremos o tempo se lles dá a razón, se cumpren os acordos, temos o traspaso e outros agravios comparativos que poderían terlle esixido ao Sr. Sánchez, o AVE en tempo, os trescentos millóns, máis de trescentos millóns de débeda que nos debe, iso xa o está esixindo desde a Xunta de Galicia obviamente o presidente, a condonación da débeda ao Porto Exterior, que mire que non lla pedimos, mocións temos, aínda aprobamos unha onte no Pleno da Coruña, porque si condona a débeda de Valencia, pero a de Coruña non. En fin, que palabras todas moi bonitas, pero que feitos son moi poucos, por iso pedimos este Pleno para impulsar estas medidas. Moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Serei breve. Non sei se a Sra. Gallego lembra o pacto de Majestic, quen eran os protagonistas daquel pacto nunha cea nun hotel barcelonés rapidamente José María Aznar e Puyol puxéronse de acordo en cal era a factura para a constitución do Goberno de Madrid. Non sei, ía incluída o non peche da SEAT da zona franca, creo que se cuantificaba en cerca de 100.000 millóns de pesetas da época, era un pacto de moita contía. Ese pacto pechou José María Aznar nunha cea con Puyol, que tempos, o 96, o pacto do Majestic, a historia do seu propio Partido. Xa lle digo, e insisto, a min o que máis sorprende é que vostedes agora na oposición teñan unha actitude practicamente nacionalista e despois cando están no Goberno unha actitude realmente centralista se teñen a maioría, e se non teñen a maioría, como todo fillo de veciño, como todo o que pasou polo Parlamento, chega aos pactos que a correlación de forzas lle permite. Insisto, relea vostede e documéntese sobre a historia do seu propio Partido, sobre cal era o contido, as transferencias a Cataluña naquel momento, a tan demonizada Cataluña do pacto do Majestic, 1996, primeiro Goberno de Aznar "Puyol, enano, habla castellano", ese era o momento ao que me refiro.

Nós imos votar en contra da súa proposta, non por cinismo, que ten vostede razón que por cinismo non se debe votar en contra, aínda que poida formar parte do argumentación da miña posición, senón porque tecnicamente o seu acordo empeora o que, efectivamente, tivo lugar no Parlamento, entón eu non vou votar a favor dun acordo que é peor que o acordo real ao que xa se chegou en Madrid, non vou dicir que imos apoiar un acordo que vai significar que se lle repercute ás persoas que fan uso da AP-9 dunha contía maior á que efectivamente terán que facer cando entre en vigor, se entra, ou cando entre, ese pacto preciso para a investidura, pero xa lle digo, Sra. Gallego, aquí de pagar peaxes, nunca mellor dito, polas investiduras madrileñas, eu creo que ninguén pode darlle leccións a ninguén. Xa lle digo, cando queira vostede documentarse sobre a historia do seu propio Partido, aí podemos darlle unha man, se quere. Graciñas.

Sr. Regueira Varela

Tamén brevemente, dicía creo que era onte o presidente Feijoo que esperaba que o BNG non convertera nun feirón o Congreso dos Deputados, e aquí a voceira do Partido Popular di a frase, puideron vostedes ter pedido máis, é dicir, máis feirón.

En todo caso, eu pídlle en base a ese rigor que vostede solicita, que sexa rigorosa co que eu dixen. Eu dixen que en abril do ano pasado o Consello de Ministros acordou a licitación, que se licitou agora o 3 de xaneiro, pero acordouno o Consello de Ministros do Goberno socialista, e dime vostede, xa estaba nos orzamentos. No meu concello, cando entrou don Mariano Rajoy como presidente do Goberno había unha estrada nos orzamentos consignada, que pasou? que o Partido Popular a retirou. Nos orzamentos aparecen moitas cousas que non se chegan a licitar nin a executar. Polo tanto, que haxa unha partida presupostaria nun orzamento non significa nada, o que ten que existir é un acordo de Goberno para que se licite, porque que figure nos orzamentos o aforro neto dos concellos da Xunta de Galicia, canto diñeiro hai nos orzamentos da Xunta que non se chega a licitar? e canto se nos contenta a algúns concellos co documento orzamentario onde vén unha partida que aparecerá para o orzamento do ano seguinte, para o orzamento do ano seguinte, porque non se chega xamais a licitar.

E mire vostede, e fala vostede, un acordo entre dúas forzas políticas será verificable ou non. Algúns intuimos como se xogamos unha partida de xadrez por onde poden ir os movementos de pezas das outras forzas políticas, o acordo entre o Partido Popular do Estado e o Partido Popular de Galicia a raíz do Prestige, entre un presidente do Partido Popular no Estado e un presidente do Partido Popular en Galicia, moitísimos anos despois, un documento do ano pasado, de todos, das quince grandes obras nese documento hai tres executadas.

Polo tanto, cumprir os acordos non obedece a unha cuestión de quen acordan, que partes acordan, obedece a unha cuestión de lealdade e de querer executar os acordos aos que se chega. Polo tanto, eu creo que o Partido Popular non é ninguén para dar consellos ou para, dalgunha maneira, poñer en dúbida os acordos das forzas políticas, porque incluso incumpre os acordos firmados entre dous gobernos do Partido Popular. Polo tanto, eu creo que en democracia débense, en principio, despois está a crítica política, pero en principio, débese confiar nos acordos aos que chegan as forzas políticas, porque senón, evidentemente, fraco favor lle estamos facendo a democracia.

Sr. Fernández Piñeiro

Se neste banquete do surrealismo, por tirar do mesmo exemplo, nos servían un menú caducado, agora a casa invita a uns chupitos co alcohol adulterado, é o resumo da súa segunda intervención.

Fala vostede, incidindo nese surrealismo das discrepancias en Pontevedra entre o PSOE, eu penso que estamos..., pero como xa non sabemos en que tempo estamos, debido á convocatoria do Pleno, se estamos hai un ano, se estamos no 2020 xa, se estamos antes do acordo de Goberno, se estamos despois, se este acordo é mellor ou é peor, pois agora xa non sabemos nin onde estamos fisicamente. Eu pensei que estabamos na Deputación Provincial da Coruña, pero vexo que non, que por arte de maxia nos trasladamos á de Pontevedra e ás discrepancias entre o Partido Socialista e o BNG, discrepancias que, por outro lado, son boas e positivas sempre en calquera aspecto da vida, e vostedes incluso no seu Partido, a nivel interno, espero que por saúde democrática tamén teñan discrepancias, porque iso sempre é positivo.

Pero di vostede, pon un argumento sobre a mesa que é que non se fían de que se cumpra ese acordo. Pois volvemos contradicir porque se non nos fiamos de que o Goberno do Estado, ou o Partido Socialista, ou Pedro Sánchez, cumpra os acordos, non entendo para que traen aquí

vostedes un acordo instando ao Goberno do Estado a adoptar medidas, porque se non me fío de que cumpra o pactado co BNG para a investidura, vai cumprir o solicitado polo Grupo Provincial Popular na Deputación Provincial da Coruña, eu non sei se teñen vostedes algún tipo de ascendencia con Pedro Sánchez para que lles faga máis caso partindo dese argumento de que non vai cumprir e de que non é de fiar. Polo tanto, non podemos dicir unha cousa e aplicar a contraria.

Eu recordaríalles, como xa fixen na primeira intervención, a AG55 a Carballo, ou a AG57, se que é a xente da Costa da Morte non ten o mesmo dereito que os que transitan pola AP-9 ata Vigo ou Santiago a desfrutar dunha viaxe sen peaxes, ou cunha bonificación do 50% se fan a viaxe no mesmo día, aí, non, por que, porque é a autovía da Xunta. E, polo tanto, volvemos ao mesmo, a Xunta fai galegos de primeira e segunda, pero o Partido Popular solicita ao Estado que todos sexamos iguais e que nas súas autoestradas con peaxes si que aplique determinadas propostas que non aplicamos alí onde gobernamos.

Di vostede que, a licitación se aprobou en Consello de Ministros, e iso, home, eu penso que o que aproba o Consello de Ministros ten certa importancia, relevancia, e ten unha garantía legal, e vostede que está na administración pública, igual ca min, e formou parte dun Goberno, sabe que no momento en que se aproba unha licitación non quere dicir que se licite xa ao día seguinte, porque nin vostedes nas administracións que gobernan, tanto sexa Xunta, como nos concellos, como ningún dos que estamos aquí, licitamos con tanta celeridade. No momento en que se aproba a licitación, cando pase o tempo dos informes, etc., etc., e toda a tramitación administrativa que hai que poder facer para poder sacar iso a licitación, licítase. Polo tanto o argumento de que se aprobou en abril, pero é que se licitou o 3 de xaneiro, pero aprobouse polo Consello de Ministros?, quen ten que autorizar ao Ministerio de Fomento a licitación do orbital? o Consello de Ministros. Do mesmo modo que cando aquí neste Pleno se aproba no Plan de sendas unha senda no concello equis, non se licita ao día seguinte, e non lles escoito a vostedes dicir nada a ese respecto nin poñelo en dúbida.

Polo tanto, repito, non ten ningún sentido esta proposta de Pleno, non ten ningún sentido este acordo e ten aínda menos sentido que vostedes vaian votar a favor dun acordo que, como digo, é moito menos ambicioso e, polo tanto, máis negativo que o que xa está asinado a día de hoxe polo Goberno do Estado para a investidura do Goberno do Estado entre o Partido Socialista e o BNG. Así que, reitérome no dito anteriormente, penso que polo ben do seu Grupo e para amosar unha imaxe de máis coherencia e seriedade, eu retiraría esta proposta. Moitas grazas.

Sra. Gallego Neira

Isto é un acordo estudado cuns informes técnicos enviados ao Ministerio xa hai tempo, non é un acordo para que me vote e ser presidente, e firmo, o que sexa, o que me poñan diante porque me falta un deputado. Entón, que logo se consegue, oxalá, Sr. Regueira, oxalá, e darémoslle os parabéns, isto facémolo grazas ao Bloque, mire, fenomenal, é que non imos dicir que non, como pode comprender, que se faga un estudo real e que se faga, fenomenal. Pero aquí o estudo xa está feito, e é viable, e está feito por técnicos, está estudado e enviado ao Ministerio, non é unha ocorrencia de que o Partido Popular diga, un 25%, é que hai un estudo feito.

Logo, imos ver, si que é verdade, para aclararlle ao Sr. Fernández, eu non dixen nada de Pontevedra, dixen o Diario de Pontevedra, escoite ben e non diga chupitos con alcohol adulterado, porque claro, non vou seguir por aí. Estamos na Deputación, entón se aquí se aprobase un acordo o presidente da Deputación pode poñerse tamén nunha pancarta alí diante do Sr. Sánchez ou pedirillo ao ministro do Fomento, e algo influirá o presidente da Deputación, o presidente provincial, digo eu, se se vota un acordo, e que se cumpra, e que despois a maiores fenomenal o cen por cento, pero que se poñan de acordo en se é o cincuenta, se é o cen, e que amañen este tema.

E Sr. Lema, a historia do meu Partido coñecémola ben, pero a do seu tamén a coñecemos moi ben, eu persoalmente coñézoa estupendamente. Grazas.

Sr. García Seoane

Non ía intervir porque para min este Pleno non ten sentido ningún, é un gasto para a Deputación, e punto, non ten sentido ningún este Pleno cando hai un acordo que está aí, un acordo importante porque se hai un presidente dun Goberno que necesitaba un voto por exemplo para saír, iso ten un peso moi grande á hora de cumprilo, porque senón o cumpre, despois hai que gobernar, hai orzamentos, hai un montón de acordos, polo tanto, eu creo que ten moita máis validez ese acordo que o BNG logra en Madrid que calquera cousa que digamos aquí.

E non discrepo porque os anos que levo na política desde neno dinme que hai que actuar. Houbo gobernos do PSOE e do PP en España, tanto monta, monta tanto, nalgúns cousas, hai acordos que non teñen nada que ver do PSOE co Partido Popular, pero en temas de infraestruturas, tanto monta, monta tanto, segundo quen governe lévase a ascua á súa sardiña, arrímaa ata abrasala, e os demais quedamos como o galo de Morón, sen plumas e cacarexando, e levamos anos sen plumas e cacarexando, polo tanto esta comarca necesita machacar, machacar e machacar ata lograr, sexa o Partido Popular, sexa o Bloque, sexa o PSOE, ou quen sexa, Marea ou Alternativa, machacar para que as cousas que nos pertencen nolas fagan dunha vez, e son moitas as que están pendentes. Estase falando da AP-9, pero a AP-9 tamén entra na Coruña, e en cambio non se fixo a ampliación de Alfonso Molina, un día un Partido di unha cousa, do mesmo Partido, e outro día din outra, iso non se pode admitir mentres os coruñeses están sufrindo terrorificamente o tema do transporte na comarca da Coruña, a grande esquecida, é a grande esquecida deste país. Eu fun esta fin de semana ao Salnés, todo estrada para aquí, estrada para alá, nin un puñeteiro duro se paga, e oito carrís no borde de Santiago, e que agora Santiago, e con respecto aos de Santiago, é máis importante que A Coruña?, é que Santiago ten máis cidadáns que entran e que saen que A Coruña?, e que Santiago ten máis empresas que ten a Coruña?, non, e hai que lograr infraestruturas para asentar a xente aquí porque industrias perdidas levamos o número un nestes últimos anos, e temos que asentar infraestruturas, e temos que loitar, e non é admisible que se diga para o porto de tal sitio págoos, e o porto de aquí non, se non hai ferrocarril estamos apañados, non veñen industrias para aquí, ten que entrar nese porto, hai que eliminar o outro porto, facelo público totalmente, o actual, e iso é o que hai que loitar, niso eu estarei sempre aí, sempre estarei co pau na man e dándolle leña a quen lle haxa que dar, e creo que calquera Partido que se xacte de tal, que defenda aos cidadáns, ten que estar nesa batalla. Hoxe vou votar que non a esta moción porque está aí, non polo fondo da moción, senón porque está aprobado polo BNG e polo Goberno da nación, e eu confío no Goberno da nación, a moitos non lles gusta, que lle vaian botando azucre. Polo tanto, confío en que haxa un Goberno estable e que leve adiante as cousas que necesita este país, os investimentos, que os cidadáns, que os empresarios perdan o medo a investir dunha vez por todas porque vexan seguridade no Goberno da nación. A propaganda está aí, xa sabemos como fan os que están na oposición, que lles toca sempre dicir o contrario.

Pero volvo dicir, eu vou votar aquí que non, non porque discrepe no fondo da moción, senón porque está feito, pero que calquera moción que viñera aquí desde logo eu a apoiaría, sexa de quen sexa, en defensa das infraestruturas desta comarca tan esquecida como é a comarca da Coruña, e xa digo, todos tiveron culpa de estar como estamos, porque miren vostedes, falouse antes aí da obra de Sol y Mar, 2004, 2007 estaba para facerse con proxecto, 2019, se saca no 2020, o 3 de xaneiro de 2020, son un montón de anos, A Coruña non pode esperar tanto, porque se falou de estradas, é que a autoestrada que vai ata Vigo leva entre 50 e 60.000 vehículos, a Ponte da Pasaxe leva 90.000 vehículos, e Alfonso Molina colle 102.000 vehículos, iso é o que temos que defender e deixarnos de partidismos e mirar realmente pola cidadanía, e aí estarei sempre apoiando a quen sexa, e senón, a Deus rogando e co mazo dando.

Sra. Gallego Neira

Unha cousa nada máis, dicirle que a remodelación de Alfonso Molina vai aquí, tamén a pedimos, a maiores, iso creo que o BNG non está no seu acordo de investidura.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados (PP)

Votan en contra: 16 deputados (10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Abstéñense: 1 deputado (PP - por ausentarse na deliberación do asunto e non estar presente no momento da votación - art. 74.1 do Regulamento orgánico)

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 12:54 horas.

O presidente,
Valentín González Formoso
(asinado dixitalmente)

O secretario,
José Luis Almau Supervía
(asinado dixitalmente)